

Creadores e creadoras piden unha mudanza na regulación do empréstito nas bibliotecas

M.O. | 27 de Outubro de 2016



[Imaxe: Bibliotecas Municipais da Coruña]

A través das asociacións que as e os representan, entre elas a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), escritoras e tradutoras solicitan unha mudanza na lexislación que regula o empréstito público dos seus libros. O obxectivo pasa por obteren unha remuneración xusta. O pagamento correría por conta do Estado e das autonomías.

Escritores en Lingua Galega ([AELG](#)), a Asociación Colegial de Escritores ([ACE](#)), a Asociación d'Esctiptors de Catalunya ([ACEC](#)), a Associació d'Esctiptors en Llengua Catalana ([AELC](#)), a Asociación de Autores Científico-Técnicos y Académicos (ACTA), a ACE Traductores ([ACEtt](#)) e a Asociación de Escritores de Euskadi / Euskadiko Idazleen Elkarte ([AEE/EIE](#)) veñen de asinar unha carta aberta en que solicitan unha mudanza na lexislación que regula o empréstito de libros de tradutoras e escritoras. O documento será enviado ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e ás Consellarías de Cultura.

A Asociación de Escritoras e

No escrito, os colectivos afectados propoñen un pagamento centralizado a cargo do Estado e das Comunidades Autónomas; e, por outra, unha tarifa non simbólica que garanta unha remuneración axeitada, acorde coa doutros Estados europeos. “Levamos case 25 anos sen unha normativa xusta, equilibrada e eficiente na materia”, explican os e as escritoras e os e as tradutoras no escrito.

Uns cartos que non repercutan nas persoas usuarias

Así, as entidades que subscriben a carta reclaman a aplicación real dun dereito dos creadores e creadoras tamén no Estado Español, mais sen que o goce dese dereito se faga repercutir nas persoas usuarias deses servizos, senón, din, en quen debe ter a responsabilidade de velar pola cultura e, en consecuencia, velar por

que aos creadores e creadoras se lles garantan unhas retribucións dignas e xustas polo seu traballo, que é a primeira pedra dun produto do que toda a cadea da industria cultural obtén beneficios económicos.

Escritores/as e tradutores/as, por unha remuneración xusta para o préstamo público

Os/As escritores/as e tradutores/as temos recoñecidos a nivel europeo, en virtude da Directiva 92/100, o dereito a sermos remunerados/as polo préstamo dos nosos libros en bibliotecas e institucións similares. Con todo, este dereito non está a ser efectivo no Estado Español, o que supón unha clara discriminación respecto dos nosos colegas doutros estados da Unión Europea.

É preciso, a ese respecto, ter moi claro que esta remuneración se xera como consecuencia dunha excepción puntual ao dereito de autor/a, unha figura xurídica que podemos asemellar a unha especie de expropiación á propiedade intelectual dos/as creadores/as.

É a propia Unión Europea quen recoñece, por unha banda, que calquera esforzo creativo e artístico esixe uns ingresos suficientes que sirvan de base a novos traballos e, por outra, que só unha regulación axeitada permite garantir esta remuneración.

O certo é que a lexislación española non foi capaz de garantir esta remuneración e os/as autores/as e editores/as levamos case 25 anos sen unha normativa xusta, equilibrada e eficiente na materia.

No entanto, na maior parte dos países europeos levan máis de dez anos recoñecendo este dereito e aplicando políticas activas para que autores/as e tradutores/as reciban a remuneración que lles corresponde. A realidade no Estado Español é moi distinta: aprobouse primeiro unha lei e logo un regulamento que imposibilitan de feito que os/as autores/as reciban este pagamento. Primeiro, porque sitúa nos concellos a obriga de remunerar ese dereito, o que supón acudir a cada un deles a facer efectiva a remuneración (algo que, na práctica, o imposibilita) e, en segundo lugar, pola escasa contía da mesma, máis de cen veces por baixo das de países como Italia ou Polonia e máis de mil respecto das de Francia ou Alemaña.

Cando desde todos os ámbitos está a exporse a necesidade de homoxeneizar a lexislación de tal xeito que iguale en dereitos á cidadanía dos distintos países da Unión, é un contrasenso a situación que os/as autores/as vivimos no Estado Español.

Por este motivo demandamos unha mudanza urxente na lexislación do noso estado para axeitala ao mandato europeo, co fin de que os/as autores/as sexamos remunerados/as xustamente polo préstamo público dos nosos libros. Para iso propomos:

- Un pagamento centralizado a cargo do Estado e as Comunidades Autónomas, que se responsabilizarán da información.
- Unha tarifa non simbólica que garanta unha remuneración adecuada, acorde coa doutros estados europeos.